



Dona KATHERINIE VARELA FERNÁNDEZ, como concelleira voceira da Agrupación Municipal do Partido Popular de Monforte de Lemos, ó abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación no vindeiro Pleno da Corporación Municipal do día 25 de Setembro:

**MOCIÓN PARA A INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO A DEIXAR DE UTILIZAR A PÁXINA WEB DO CONCELLO CON FINES PARTIDISTAS.**

Durante o mes de agosto o río Cabe presentaba unha capa de escuma branca no seu percorrido polo tramo urbano de Monforte de Lemos que preocupou aos usuarios tradicionais do río pola posibilidade de que este fenómeno fora prexudicial para as actividades que se desenvolven no verán no entorno.

O Grupo popular decidiu dar visibilidade a esta preocupación a través dunha nota de prensa, e como consecuencia desta o alcalde de Monforte publicou na páxina web do concello unha nota de prensa onde, co argumento de tranquilizar aos veciños aproveita para ofender no propio título e en varios parágrafos a esta voceira e ao presidente Feijoo, polo simple feito de exercer a súas funcións.



Valoramos negativamente que se use a páxina web do concello con fins partidistas para intentar someter a oposición incluso falando de calumnia solo por facer o traballo de oposición.

Por todo o exposto, a agrupación municipal popular da Corporación municipal, presenta ante este pleno a seguinte proposta de acordos:

1. Que o equipo de goberno deixe de utilizar a páxina web con fins partidistas.
2. Que se elimine da páxina web a nota de prensa na que se despreza o traballo da voceira.